

**CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA
E O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA
PARA A REALIZACION DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES
DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE DEREITO**

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo


COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº. 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG nº. 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra, D^a. María Corina Porro Martínez, presidenta do Consello Económico e Social de Galicia (CES Galicia), con sede en C/ Algalia de Abaixo nº. 24 e CIF Q6550031F, actuando en nome e representación do dito organismo de acordo coa previsión establecida no art. 16 da Lei 6/1995, do 28 de xullo, en relación co art. 24 a) do Regulamento de réxime interno do CES Galicia.

Ambas as entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN



O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes das titulacións do grao e e mestrado da Facultade de Dereito da Coruña a realización de prácticas externas correspondente ao Plan de estudos respectivos dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola entidade colaboradora Consello Económico e Social de Galicia (en diante, a Entidade).

SEGUNDA. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación de Dereito, de conformidade co plan de estudos correspondente.

Non poderán ser beneficiarios deste programa os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa Entidade, agás autorización obtida de acordo coa normativa interna de Universidade da Coruña.

TERCEIRA. Duración

A duración das prácticas académicas externas curriculares será a que establecer o plan de estudos oportuno, dentro do marco previsto polo art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº. 260, do 30 de outubro), ou norma xeral posterior que o substituír.

CUARTA. Obrigas e dereitos dos estudantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Entidade lle encomendar dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Aos estudantes garantiránselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice este.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- e) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- f) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- g) a dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- h) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- i) Desfrutaren dos permisos recoñecidas na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudante terá que elaborar unha memoria final de que fará entrega ao titor ou a titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes información:

- a) Datos persoais do ou da estudante.
- b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Entidade a que foi asignadora/a.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.



g) avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

QUINTA. Obrigas da Entidade

A Entidade comprométese a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Entidade expedirá ao ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou a estudante
- b) Capacidade de aprendizaxe
- c) Administración e organización dos traballos
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade
- f) facilidade de adaptación
- g) Creatividade e iniciativa
- h) Implicación persoal
- i) Motivación
- j) Receptividade ás críticas
- k) Puntualidade
- l) Relacións co seu contorno laboral
- m) Capacidade de traballo en equipo
- n) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos.

SEXTA. Obrigas do centro

O centro comprométese a convocar, difundir entre o seu estudiantado e tramitar as ofertas de prácticas que recibir da Entidade no marco deste convenio



SÉPTIMA. Relación entre a Entidade e os estudantes en prácticas

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral, nin terán dotación económica por parte da Entidade.

A Entidade poderá interromper unhas prácticas cando considere que o/a estudante vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará ao ou á representante do centro.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará para os efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

OITAVA. Tutores

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha titoría académica e outra profesional.

O titor ou a titora académico/a será un/ha profesor/a do centro, mentres que o titor ou a titora profesional será un/ha profesional da Entidade.

Os dous tutores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que for necesario e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os tutores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os tutores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativa e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os tutores profesionais deberán cumprir as obrigas seguintes:



- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar o estudante da organización e o funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificación do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificación que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.



NOVENA. Seguro escolar

O estudiantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudiantado.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

DÉCIMA. Remisión aos anexos

Para cada práctica individual formalizárense os anexos a este convenio, de acordo cos modelos publicados na páxina web da UDC.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou a estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudante.

No dito anexo ademais figurará o compromiso expreso do estudante de cumprir as obrigas sinaladas na cláusula cuarta e as demais que se deriven do presente convenio.

As prácticas terán a validez académica que se lles outorgar no plan de estudos correspondente, no marco da asignatura optativa Prácticas externas, de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados, e será asinado polos estudantes, unha persoa representante da Entidade e outra representante do centro.

En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Seguimento



Existirá unha comisión de seguimento do convenio encargada de velar polo cumprimento dos seus termos e resolver as incidencias que poidan xurdir, e que estará formada por un representante de cada unha das partes asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA. Resolución de conflitos

As cuestións que xurdiran a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso administrativo.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia

A duración deste convenio será dun ano académico, e a súa eventual prórroga deberá ser acordada polas partes asinantes en calquera momento antes da súa finalización, de conformidade co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

No entanto, a eventual extinción do convenio non afectará ás prácticas que xa se viñesen realizando no momento no que se produza.


DÉCIMO CUARTA. Extinción do convenio

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En proba de conformidade, asínase este convenio en exemplar triplicado en todas as súas follas, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:

En Santiago de Compostela, a 1 de decembro de 2017

Pola Universidade da Coruña



Asdo.: Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da UDC

Polo CES Galicia Galicia



Asdo.: Mª Corina Porro Martínez
Presidenta